

A antena de Ortigueira organiza un novo curso para manipuladores de alimentos

Ferrol. 02/10/2009. A antena local en Ortigueira da Cámara de Comercio organiza un curso para manipuladores de alimentos que se impartirá o vindeiro mércores, día 7 de outubro, de 17 a 20 horas no museo Ortegalia.

Con esta actividade formativa, preténdese facilitar aos establecementos de hostalería e alimentación de Ortegal o cumprimento da normativa vixente sobre hixiene alimentaria

As persoas interesadas en inscribirse deben dirixirse canto antes á oficina da Cámara en Ortigueira (Rúa Príncipe, 27. Tel.: 981 400197) Os participantes no curso obterán, para acreditar a súa formación, un certificado homologado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

O curso, de tres horas de duración, abarca materias talles como perigos nos alimentos e riscos asociados a eles, medidas preventivas, prácticas correctas de hixiene e manipulación dos alimentos e lexislación aplicable.

